
Cotoneaster salicifolius Franch., 1885

- cotoneáster de folla de salgueiro
- cotoneáster de hoja de sauce, cotoneaster, guillomo
-
- cotonèaster de fulla de salze, guillamó
- willow-leaved cotoneaster
- cotoneaster de folhas de salgueiro



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Rosales**	**Rosaceae**	***Cotoneaster***

ORIXE

A China.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto perenne ou semiperenne de 2-3 m de altura e porte pequeno. Pólas estendidas e copa globosa. A codia é de cor marrón agrisada. Talos delgados e sistema radicular escaso. Follas de 5-10 cm; alternas, simples, longas, lanceoladas, de cor verde escura na superficie superior e con peliños grises finos no envés. Flores brancas en corimbos densos. Froito carnoso de 5-8 mm de diámetro, vermello brillante, con dúas ou tres sementes.

HÁBITAT

Montañas, bosques mixtos e lugares abertos. Cultívase habitualmente en climas temperados de todo o mundo.

DISTRIBUCIÓN

Amplamente distribuído por Asia e introducido en Europa, adaptado a diferentes contornas.

CURIOSIDADES

Úsase cada vez máis para o cultivo como bonsai, xa que responde ben á poda e as súas raíces e pólas son fáciles de moldear.